

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Dulce Nombre Jesús Pérez Ramos, en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 111/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, dona _____, con DNI _____, titular da empresa Dulce Nombre Jesús Pérez Ramos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou coas empresas Eva Pérez Belón, María Jesús Vázquez López, Paula Rodríguez Núñez, Remedios Fernández Moure, Sonia Rodríguez Rodríguez, Tamara Vázquez Tajés, Virginia González Martínez, e María Azucena Moure Chaos; un convenio para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas no IES A Pinguela para o ciclo formativo de Estilismo e Dirección de Peiteado.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación da empresa Dulce Nombre Jesús Pérez Ramos, no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que a empresa Dulce Nombre Jesús Pérez Ramos, acepta as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado previamente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Eva Pérez Belón, María Jesús Vázquez López, Paula Rodríguez Núñez, Remedios Fernández Moure, Sonia Rodríguez Rodríguez, Tamara Vázquez Tajés, Virginia González Martínez, e María Azucena Moure Chaos; para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. A empresa Dulce Nombre Jesús Pérez Ramos comprométense a acoller nas súas instalacións a un alumno ou unha alumna

Terceira. Ampliase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Eva Pérez Belón, María Jesús Vázquez López, Paula Rodríguez Núñez, Remedios Fernández Moure, Sonia Rodríguez Rodríguez, Tamara Vázquez Tajés, Virginia González Martínez, e María Azucena Moure Chaos; cun representante para a empresa asinante.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, a empresa comprométese a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos

dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano